

**BASES
CONVOCATORIA
[GAL]**



A PÉ DE TERRA

2026




**CREACIÓN, IGUALDADE
E COLECTIVIDADE
NO RURAL GALEGO**



Cultura, derecho de Todas

Proyecto subvencionado por:



A PÉ DE TERRA	3
CONVOCATORIA DE RESIDENCIAS	4
BASES COMÚNS	5
MODALIDADES	6
ESPAZOS E RECURSOS	8
CONTEXTO	10
DOTACIÓN	11
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	11
DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR	11
XURADO	12
PRAZOS	12
ENVÍO DE SOLICITUDES	12

A pé de terra é unha iniciativa cultural enmarcada no compromiso coa creación contemporánea, a mediación cultural e o coidado do territorio rural da Ribeira Sacra. O proxecto busca implicar ás mulleres locais e impulsar relacións interxeracionais, empregando a cultura como ferramenta transversal para repensar o territorio, a súa historia e o seu futuro desde a sustentabilidade e a igualdade.

Esta convocatoria forma parte das **Residencias Alemparte**, unha liña de traballo que dá continuidade á colaboración coa **Asociación Cultural e Educativa Líncora-Alemparte**, iniciada cos proxectos *Idear Alemparte* e *Enraizadas*.



CONVOCATORIA DE RESIDENCIAS



Convocatoria pública para a selección de dous proxectos a desenvolver no contorno rural da Ribeira Sacra, concretamente nas localidades de Alemparte (San Pedro de Líncora, Chantada) e/ou Milleirós (Carballedo).



A convocatoria estrutúrase en dúas modalidades independentes, das cales se seleccionará un proxecto por modalidade:

- **Residencia de creación artística**
- **Residencia de mediación cultural**

Os proxectos desenvolveranse en diálogo coa comunidade local e o contorno natural, fomentando prácticas sostibles e procesos situados.

1
Alemparte
Líncora, Chantada

2
Milleirós
Carballedo



A QUEN SE DIRIXE?

A mulleres, persoas ou colectivos con base de traballo en Galicia cuxa práctica estea comprometida **coa diversidade, a igualdade de xénero e o recoñecemento das identidades LGTBIQ+**.

OBXECTIVOS E TEMÁTICAS

As propostas deberán partir dun enfoque contextualizado e relacional, orientado á creación de **experiencias artísticas compartidas entre axentes profesionais e poboación local**.

Valoraranse proxectos que:

- Propoñan procesos de creación ou mediación sostibles, respectuosos co medio ambiente e que contribúan á protección e/ou posta en valor do patrimonio natural.
- Establezan unha relación directa coa natureza, a historia ou o tecido social do territorio.
- Contribúan a repensar o rural galego desde unha perspectiva contemporánea, crítica e situada.

Algúns eixos temáticos posibles son: o traballo e os coidados, o papel da muller no territorio, o patrimonio material e inmaterial, a sabedoría tradicional vinculada á terra, o uso sostible do solo, o impacto da despoación, o imaxinario e a cultura rural, a educación e a transmisión de saberes.

A TER EN CONTA

A residencia terá lugar entre os meses de maio e xuño. As estancias non poderán solaparse e terán unha duración máxima de tres semanas presenciais. **Defendemos un enfoque de traballo baseado no coidado e na conciliación**, polo que os tempos de estancia e presencialidade poderán adaptarse ás necesidades da persoa ou colectivo seleccionado, en diálogo co equipo do proxecto.

** Estas condicións aplícanse a ambas modalidades da convocatoria.*

** Non se require necesariamente a produción dun resultado material final, priorizando o proceso, as aprendizaxes compartidas e os vínculos xerados.*

** É necesario contar con capacidade para emitir factura. Facilitarase asesoramento no caso de ser preciso.*

A) RESIDENCIA DE CREACIÓN ARTÍSTICA

Orientada á realización dun **proxecto artístico** en Milleirós (Carballedo) ou Alemparte (San Pedro de Línкора, Chantada). A proposta deberá desenvolverse en sintonía coa contorna natural e social, podendo incorporar sesións de traballo aberto, encontros interxeracionais ou momentos de intercambio coa comunidade.

Poderán presentarse proxectos en formato de instalación artística, performance, propostas pictóricas situadas, arte sonoro, proxectos híbridos ou experimentais. Valorarase a innovación, a investigación e a vinculación directa co territorio.

As mulleres traballadoras e habitantes do lugar poderán coñecer as metodoloxías e intereses da artista residente e participar, se así o desexan e segundo as necesidades do proxecto, no proceso de creación.

Condicións específicas:

- Empregaranse formas de creación sostíbles e respectuosas, primando o uso de materiais reciclados, biodegradables ou de orixe natural.
- A obra non poderá implicar, en ningún caso, a alteración física nin visual do medio natural.
- As prácticas deberán ser respectuosas co territorio e contribuír á súa valorización.



B) RESIDENCIA DE MEDIACIÓN CULTURAL

Residencia dirixida ao desenvolvemento dun **proxecto de mediación comunitaria**, centrado en procesos de aprendizaxe, reflexión colectiva e xeración de vínculos, con especial atención á poboación adulta maior de Milleirós.

A proposta deberá fomentar o **intercambio de coñecementos** desde unha perspectiva situada, incorporando temáticas como a igualdade, a diversidade, a sustentabilidade, o traballo, o patrimonio natural e cultural, a inclusión ou os saberes da contorna. Valoraranse metodoloxías experimentais e participativas que promovan a escoita, o co-deseño e o nexo coa comunidade. Priorizaranse propostas que atendan á realidade do territorio, xeren recursos compartidos e aposten pola sustentabilidade das aprendizaxes.

O proxecto poderá materializarse en talleres, camiñadas, sesións de intercambio, dispositivos de arquivo ou micro-accións colectivas, entendidas como parte dun proceso máis amplo.



CASA EN MILLEIRÓS

A persoa seleccionada poderá **aloxarse nunha casa rehabilitada** situada no centro da aldea de Milleirós (Carballedo). A vivenda dispón de habitación privada, baño, salón-cociña, pequeno patio e conexión Wi-Fi.

Milleirós é unha aldea duns trinta fogares, con entre dez e quince habitantes durante todo o ano, incrementándose a poboación no verán.

Recoméndase dispoñer de vehículo propio, dado que o transporte público é moi limitado.



TERREO EN ALEMPARTE

Na parroquia de San Pedro de Líncora (Chantada), a persoa seleccionada poderá **facer uso dun terreo en Alemparte para investigar ou realizar a súa proposta** aproveitando as características naturais do lugar.

San Pedro de Líncora é unha parroquia con menos de 200 habitantes, na que se atopa o lugar de Alemparte (a dez minutos en coche de Milleirós). A súa particular localización permite observar os restos das distintas actividades humanas: o traballo co gando, os terreos con viñedos, os vellos camiños que conectaban Belesar con Líncora e que quedaron en desuso.



** Este terreo non conta con vivenda nin instalacións especiais.*



O rural galego, e en especial as aldeas nas que se centra este proxecto (da provincia de Lugo), experimentou altos niveis de **emigración**, con moitas persoas, incluídas mulleres, abandonando os seus lugares de orixe para buscar oportunidades en áreas urbanas ou no estranxeiro. Isto deixou ás comunidades rurais con **poboacións envellecidas** e unha diminución da poboación activa. Este proxecto propón explorar formas efectivas de implicar ás mulleres e xerar espazos de visibilidade e diálogo, proporcionando novas ferramentas para o desenvolvemento persoal e social.



- **Honorarios de 1400€** (impostos incluídos)
- **Aloxamento**
- **Acompañamento** durante o proceso e a fase de execución
- **Edición dunha publicación dixital** cos resultados

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Adecuación ao contexto de Alemparte e/ou Milleirós
- Implicación das persoas residentes ou colectivos locais
- Fomento de valores de sustentabilidade, igualdade e dignificación do rural
- Viabilidade no uso dos materiais
- Capacidade de adaptación ao marco temporal e espacial de realización da proposta
- Calidade e coherencia da proposta
- Traxectoria artística e/ou investigadora

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- **Datos de contacto**
- **Proxecto explicativo** (máx. 4 páxinas): título, resumo, metodoloxía, materiais, necesidades técnicas e humanas, imaxes ou bosquexos orientativos
- **Previsión de datas de residencia** (entre maio e xuño)
- **CV actualizado**

Sara Donoso

Directora do proxecto. Comisaria e xestora cultural

Silvia García

Coordinadora. Artista e profesora nas facultades de Belas Artes e Deseño de Pontevedra

Loli Docampo

Coordinadora administrativa. Consultora e promotora cultural

Quico Cadaval

Dramaturgo e contador de historias

Xaime Toxo

Escritor e pedagogo

PRAZOS

8 de marzo

Pече da convocatoria

29 de marzo

Resolución da convocatoria

maio-xuño de 2026*

Realización do proxecto

ENVÍO DE SOLICITUDES

apedeterra@gmail.com



** O proxecto deberá desenvolverse entre os meses de maio e xuño, cunha duración máxima de tres semanas de estancia. Non obstante, contéplase flexibilidade na definición da estancia e na distribución temporal do proceso, coa fin de atender ás necesidades persoais ou de conciliación da persoa ou colectivo seleccionado, sempre en diálogo coa organización e garantindo o correcto desenvolvemento da proposta.*

Máis información:
apedeterra@gmail.com



A PÉ DE TERRA



Cultura, derecho de Todas

Proyecto subvencionado por:

